

## REDES MIGRATORIAS VS. REDES ECONÓMICAS. INSERCIÓN SOCIOLABORAL E CONTRIBUCIÓN DOS GALEGOS AO DESENVOLVEMENTO DE MÉXICO

MARÍA XOSÉ RODRÍGUEZ GALDO\* / ÁBEL LOSADA ÁLVAREZ\*\*

\*Departamento de Historia e Institucións Económicas  
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais  
Universidade de Santiago de Compostela

\*\*Departamento de Fundamentos da Análise Económica  
e Historia e Institucións Económicas  
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais  
Universidade de Vigo

Recibido: 21 de febreiro de 2005

Aceptado: 28 de febreiro de 2005

**Resumo:** O interese do estudo da emigración galega en México, desde a perspectiva do papel das redes e das cadeas migratorias, radica en varias consideracións. A primeira é a súa mesma contemporaneidade. Trátase, ademais, dunha emigración relativamente minoritaria, pero cualitativamente moi importante, que alcanzou un éxito económico notable e que se afianzou desde a década dos anos cincuenta como o primeiro colectivo, pola súa importancia económica e numérica, no conxunto da colonia española daquel país. O feito de constituír un movemento migratorio cunha xeografía de procedencia concentrada permite unha forte redución nos custos de información á hora de elixir o destino migratorio. Estas redes, baseadas en relacións locais primarias, son as responsables do elevado nivel de eficacia na transmisión da información imprescindible para tomar a decisión de emigrar, obter os medios materiais para a viaxe e, moi especialmente, á hora de integrarse no mercado laboral mexicano. Esta vantaxe comparativa está na base do éxito económico que a emigración galega tivo en México na segunda metade do século XX. As fortes redes económicas e sociais establecidas pola emigración galega en México tiveron unha importante repercusión en Galicia debido ás peculiaridades que reviste o retorno, xa que o regreso, agás moi raras excepcións, nunca supón unha ruptura persoal e de negocios co país de destino.

**Palabras clave:** Migracións / México / Galicia / Redes migratorias / Actividade económica / Mercado de traballo.

### MIGRATORY NETWORKS VS. ECONOMIC NETWORKS. SOCIAL AND LABOUR INSERTION AND

### CONTRIBUTION OF THE GALICIAN PEOPLE TO DEVELOPMENT OF MÉXICO

**Abstract:** The interest for the study of the Galician emigration to México, from a perspective of the role of the migratory networks and links, lies in different considerations. Firstly because this migratory cycle survives until the 80's of the XX century. Furthermore it is relatively a minority emigration, but very important qualitatively, having a notable economic success, and from the 50's of the XX century being the most important Spanish colony in Mexico from the economic and population number point of views. The fact of being a migratory movement with a concentrate point of departure leads to a relatively facility for the diffusion of the information. The existence of these networks, based in primary local relations, is the reason of the high efficiency level in the transmission of the indispensable information for deciding to migrate and to integrate in the Mexican labour market. These strong economic and social networks, established by the Galician emigration in México, have got a important repercussions in Galicia, because of the returning peculiarity that, saving a very strange exceptions, never suppose a personal and business rupture with the destiny country.

**Keywords:** Migrations / México / Galicia / Migratory networks / Economic activity.

## 1. INTRODUCCIÓN

A presenza galega en México parece reunir os suficientes elementos para a análise do papel das cadeas e das redes migratorias á hora de optimizar a utilidade da información sobre a inserción económica, tanto no momento de chegar coma no seu desenvolvemento posterior, e á hora de investir en España (con preferencia na propia Galicia, aínda que non en exclusiva). Como se poñerá de manifesto nas páxinas que seguen, a existencia de “redes” que vinculan aos galegos nunha e noutra beira do Atlántico, baseadas inicialmente nas relacións locais primarias, constitúe nunha causa fundamental da elevada eficacia na transmisión da información, imprescindible á hora de integrarse no mercado laboral mexicano. A existencia destas redes representa unha vantaxe comparativa que, en boa medida, sustenta o nivel de éxito económico, con base en actividades moi diversificadas, que unha porcentaxe importante da emigración galega tivo en México na segunda metade do século XX. De novo, a virtualidade das redes poñerá de manifesto na peculiaridade que revisten os “retornos”. Agás moi raras excepcións, o regreso nunca supoñerá unha ruptura total –nin persoal nin de negocios– co país de destino, imprimíndolle, pola contra, un carácter de circularidade á corrente migratoria pois, a pesar da importancia cuantitativa que adquiren os retornos “formais”, non significarán unha ruptura cos sólidos lazos económicos e familiares, moi dificilmente disociables ambos os dous, que permanecen en México.

Lonxe xa a consideración da emigración coma un feito fundamentalmente individual, desde hai máis de trinta anos unha abundante bibliografía veu insistindo no papel da familia, na variedade de intervenientes no proceso migratorio e, en particular, na función estratéxica desempeñada polas redes migratorias. O concepto de “redes”, tomado das redes sociais fundamentadas en vínculos de amizade ou de parentesco, goza hoxe en día dunha extraordinaria aceptación nos estudos migratorios. As redes de migrantes definíronse como o conxunto de vínculos que conectan aos emigrantes (antigos e actuais) e aos non migrantes nas áreas de orixe e destino por medio de relacións de parentesco, de amizade e de sentido de pertenza a unha comunidade de orixe (moi concentrada no caso de Galicia e México). As súas conexións constitúen unha forma moi valiosa de *capital social*, ao que se accede a través da propia pertenza ás redes e institucións sociais, pertenza que lles permite aos migrantes ter acceso a traballos no estranxeiro e a salarios máis altos (Massey *et al.*, 1998). Hai poucos anos, Gurak e Caces (1998) insistían de novo no decisivo papel das redes –formais ou informais– lembrando, con Boyd (1989) e con Lomnitz (1994), a súa función de vehículos de información sobre o proceso migratorio, o seu papel á hora de facilitar contactos no lugar de destino de axuda para o emprego ou á hora de facilitar incluso préstamos de diñeiro ou o acceso a bens e servizos compartidos, ademais da súa significación en canto a apoio emocional.

O mantemento actual de sólidas redes económicas que vinculan aos galegos de México coa súa terra de orixe é un dos trazos que máis singulariza a presenza galega naquel país, compoñendo un capítulo especial nas modalidades analizadas sobre

retornos de antigos emigrantes (Losada Álvarez e Rodríguez Galdo, 2004). De maneira particular, resaltouse a “contemporaneidade” e a “circularidade” da emigración galega a México en relación cos patróns comunmente seguidos por esta en América, e a prolongación en México do ciclo migratorio galego, incrementándose ata os anos oitenta do pasado século XX, un momento en que, se cadra coa outra excepción de Panamá, se daba por practicamente concluído.

Contemporaneidade, elevada circularidade e compartimento dunha xeografía de orixe de límites bastante precisos facilitan o mellor coñecemento das redes económicas e das cadeas migratorias, establecidas ás veces desde os albores da independencia mexicana. O seu arranque pódese retrotraer, en casos moi concretos da emigración española, ata os tempos da colonia. Trátase, tamén, dunha emigración relativamente minoritaria, se atendemos á entidade dos fluxos migratorios galegos con destino aos tradicionais países americanos receptores, pero cualitativamente importante, que alcanzou un éxito económico notable e que se afianzou desde a década dos anos cincuenta como o primeiro colectivo, pola súa relevancia económica e numérica, no conxunto da colonia española daquel país (Rodríguez Galdo, 2004)<sup>1</sup>. En tempos máis recentes, a continua retroalimentación do continxente migratorio permitiu a configuración dunha corrente migratoria que non era xa patrimonio exclusivo dun único grupo social. Aínda manténdose o tradicional protagonismo campesiño, con posterioridade á guerra civil española e de maneira progresiva no tempo, irán cobrando unha maior representación os técnicos medios, os obreiros especializados e incluso os pequenos comerciantes locais, cun relativo nivel de cualificación e cun uso máis eficiente da información.

A observación das redes de emigrantes constituídas polos galegos en México permite comprobar ata que grao aquelas determinan que información sobre oportunidades económicas e emprego se transmite e a quen; un elemento, como sabemos, de especial relevancia, xa que o “capital social” que a información lles confire aos integrantes da rede favorece a reprodución do proceso migratorio nun contexto social e económico que pode ser diferente daquel que o provocou nun primeiro momento, tanto nos lugares de orixe coma de destino. Lembremos que o establecemento e reforzamento das redes implicou tradicionalmente que, a medida que a migración evoluciona no tempo, as decisións de emigrar se tomen menos en función das condicións sociais e económicas, que favoreceron o inicio do proceso, e máis a teor da experiencia acumulada do capital humano e do capital social que se conformou en torno ás redes de migración.

Nesta mesma dirección, o caso mexicano-galego confirma de novo que as redes de migración constituíron unha das estruturas sociais máis importantes no auspicio dos desprazamentos da forza de traballo entre Europa e América nos séculos XIX e XX, pois por medio delas canalizouse unha parte importante do acceso ao mercado

---

<sup>1</sup> Agás mención expresa doutra procedencia, os datos básicos utilizados para a elaboración deste traballo poden consultarse en Rodríguez Galdo (2004).

laboral –mexicano, neste caso– e puidéronse coñecer as oportunidades económicas que este ofrecía. É ben coñecido, por outra parte, que unha rede activa –o que presupón unha notable eficiencia na circulación de información e de recursos tanto entre individuos coma entre estes últimos e as institucións (Granovetter e Swedberg, 2001)– logra unha redución considerable dos custos de información e transacción. Esta circunstancia revélase moito máis estratéxica en conxunturas de elevada incerteza, como ocorre habitualmente coa emigración internacional de longa distancia.

Nun contexto de estratexias colectivas, as remesas constitúen un elemento esencial para explicar o mantemento e a consolidación das mesmas redes (Serrano, 2003). Así, a familia –fonte “estratéxica” de financiamento do traslado e soporte tanto dos gastos do desprazamento como dos custos iniciais derivados da instalación– ve recompensado o seu investimento no medio e no longo prazo, á vez que ve reforzadas as redes establecidas ao principio. Lembremos con Portes (1995, 2001) que as redes migratorias constitúen a principal fonte de captación de recursos escasos, tales como capital e información, o que indubidablemente lles permite aos colectivos alcanzar vías de mellora na xestión das súas actividades económicas estreitando, ademais, os vínculos dos individuos dentro do sistema (Powell, 1991; Sabel, 1993). Neste sentido, as redes sociais dos emigrantes, que desenvolven un papel determinante na definición de transaccións económicas, non poden reducirse ás relacións familiares e de amizade, senón que van máis alá alcanzando grupos de intereses e de especialización laboral no lugar de chegada.

A análise concreta das redes comerciais constituídas polos galegos en México aconsella contemplar primeiro a significación deste colectivo dentro da dinámica debuxada polo conxunto da emigración española naquel país, prestándolle unha especial atención á orixe e ao perfil dos galegos asentados en México desde as últimas décadas do século XIX ata a actualidade.

## **2. A EMIGRACIÓN ESPAÑOLA A MÉXICO. ETAPAS**

Na maior parte do século XIX, o calendario da emigración a México estivo moi determinado polos avatares da súa propia conflictividade interna. A primeira etapa, considerada formativa no asentamento dunha política migratoria e que se estende entre os anos 1821 e 1876, iníciase co intento da posta en marcha de políticas de colonización encamiñadas á atracción da poboación europea, considerada naquel momento o principal axente de colonización e de progreso<sup>2</sup>; con posterioridade, con vocación de fomentar a inmigración promúlgase no ano 1857 a Lei Lerdo de Tejada, á que lle seguen unha serie de medidas ditadas co mesmo fin en anos poste-

---

<sup>2</sup> Ideoloxía amplamente compartida no século XIX polos gobernantes hispanoamericanos. Estas políticas mostráronse ineficaces ante a marcada inestabilidade que presidiu a posta en marcha do México independente (Berninger, 1974).

riores<sup>3</sup>. Haberá que esperar, así e todo, ata o *porfiriato* (1877-1910) para que se defina de forma máis efectiva unha política inmigratoria, unha vez que se considera que está en marcha un programa económico con capacidade para promovela e que se goza da necesaria paz interna.

Neste contexto, previo ao período revolucionario que se abre a finais do ano 1910, os movementos migratorios protagonizados polos españois en México mantiveron, en liñas xerais, as características debuxadas nos anos finais da colonia, a pesar das flutuacións vividas no XIX. Tratábase, xa que logo, de movementos en cadea, fundamentalmente de homes solteiros procedentes do norte de España e cunha dedicación maioritaria ao comercio a pequena escala. Sabemos tamén, aínda tendo en conta a heteroxeneidade das cifras e a dificultade conceptual para establecer a diferenza entre mexicanos e estranxeiros ata a Constitución de 1857, que “*aún en medio de fuertes vaivenes, entre 1840 y 1875 la inmigración peninsular no cesó del todo e, incluso, repuntó paulatinamente*” (Lida, 1997, p. 51) “*...viéndose alentada por los antiguos residentes*” (Carreño, 1942, p. 80)<sup>4</sup>.

O estudo de Pérez Toledo (1999, p. 287) revela como, na súa maior parte, os residentes españois na época do segundo imperio ocupaban os chanzos máis baixos do mundo do pequeno comercio polo miúdo, desde o que, se as circunstancias se tornaban propicias, poderían ir ascendendo aos rangos de privilexio reservados á elite da colonia española, que fundara no ano 1863 o *Casino Español de México*<sup>5</sup>. Esta mesma autora insiste en que tan só un reducido número dos españois asentados na cidade de México entre os anos 1864 e 1867 eran propietarios das súas tendas e casas de negocios, situadas na zona central da cidade, nas proximidades do Zócalo. Con todo, si gozaban dun importante privilexio: grazas aos seus vínculos familiares e persoais puideron capitalizar as redes “*establecidas por otros transterrados de la península ibérica*”. Pérez Toledo (1999, p. 283) engade que “*para este grupo de españoles el privilegio no radicaba en la posición económica sino precisamente en el acceso a un empleo que abría la posibilidad de ascenso económico*”.

Nos anos de expansión económica e apertura porfiriana increméntase o número de residentes españois, pasando dos 6.400 no ano 1877 aos 29.500 dos momentos inmediatamente anteriores á revolución. Con respecto á poboación mexicana, a española pasou de representar o 0,1% no ano 1895 a alcanzar o 0,2% no ano 1910. Os datos anteriores son ben expresivos do escaso peso numérico da colonia española, que contrasta co seu peso cualitativo en determinados sectores da sociedade e da economía mexicana. Pódese cualificar de intensa a participación dos españois en

<sup>3</sup> Entre os anos 1860 e 1861 promulgáronse importantes medidas a favor da inmigración, favorecidas despois –nos anos da “república restaurada”– cando Juárez restablece as relacións diplomáticas con España e suspendidas despois da caída de Maximiliano (Sánchez, 1999; Pi-Suñer Llorens, 1999).

<sup>4</sup> Os censos de residentes na cidade de México nos anos 1848 (Gayón, 2002, p. 154) e 1882 (Morales, 2002, p. 178) permiten afirmalo cunha certa rotundidade. E, aínda que en números absolutos a colonia española era reducida, empezaba a dar mostras dun certo peso específico.

<sup>5</sup> Algúns autores, como Kenny (1979, p. 81), sitúan a súa fundación no ano 1862.

actividades empresariais e comerciais, na industria, nas finanzas e no mundo dos negocios en xeral, actividades que se desenvolven preferentemente no medio urbano (Pérez Herrero, 1981). É notorio o peso do *lobby* nacionalista español dos vellos residentes, cunha maior representación de montañeses, de asturianos, de vascos, de cataláns, de burgaleses, de leoneses e de galegos en menor medida.

Malia as restricións impostas durante o período revolucionario e as vicisitudes políticas que seguen a eses anos, a emigración española vive unha nova fase alcista na década dos anos vinte, como continuación da repunta que se empeza a observar no ano 1917<sup>6</sup> e que se manterá ata a crise do ano 1929. Despois, os efectos da crise internacional e a guerra civil española dos anos 1936-1939 impedirán, sen chegar a anular os ingresos, a continuidade do tradicional proceso migratorio hispano. A guerra española provocaría un novo aluvión de entradas –a primeira grande ondada rexístrase entre os anos 1939 e 1942–, protagonizadas agora polos exiliados políticos republicanos que, en número superior aos vinte mil, atoparon refuxio no chan mexicano (Pla Brugat, 1994). Lembremos que o México de Lázaro Cárdenas (1934-1940) distinguiuse por ser o país americano que máis exiliados republicanos recibiu e o que máis facilidades lles concedeu para establecerse e para integrarse no seo da súa sociedade.

Traballos recentes puxeron de manifesto que a partir do ano 1946 os ingresos de españois en México xa non os protagonizan en exclusiva os refuxiados políticos, como ata hai pouco se pensaba, senón que “*el perfil de quienes ingresaban se parecía cada vez más al de los antiguos residentes, tanto por sus orígenes geográficos, cuanto por sus ocupaciones, su edad, sexo, estado civil, religión, lugar de asentamiento, etc.*” (Lida, 2001, p. 244). Para México son anos de expansión económica<sup>7</sup> pois, a pesar dos problemas iniciais ocasionados pola nacionalización do petróleo o 18 de marzo de 1938, a ampliación do mercado interno de cru a prezos relativamente baixos traducíuse nunha importante reactivación para a industria e para a agricultura.

A boiante situación que no ámbito macroeconómico atravesaba México e que, en liñas xerais, conseguiu manter ata mediada a década dos anos setenta (Cárdenas, 1996), explica a reactivación das antigas redes migratorias tras unha relativa paréntese, pois nunca quedaran totalmente relegadas, permitindo o recomezo dunha inmigración que tiña agora unha presenza galega maioritaria. A ruptura das relacións diplomáticas de México coa España franquista traducíuse nunha maior dificultade á hora de obter os visados de entrada, que tiñan que xestionarse a través de terceiros países –sobre todo de Cuba e de Portugal–, manténdose esta situación en termos

---

<sup>6</sup> A situación bélica que se vivía en España debido á guerra de Marrocos tamén alentaba a moitos homes novos a emigrar.

<sup>7</sup> No período que se coñece como de “crecemento económico definido” (1936-1970), e nun marco de notable expansión demográfica e de estabilidade política, a economía mexicana supera o 6% de crecemento anual, unha taxa superior á media de todos os países latinoamericanos e por riba de países como o Brasil, a Arxentina e Venezuela. Tratouse dun crecemento con marcadas disparidades sociais e rexionais.

xerais ata a transición á democracia en España. Pero, como evidencian os datos censuais, as trabas legais non foron un atranco importante para os desprazamentos dos españois a México. Así, no ano 1980 estaban censados en México 32.240 españois de orixe, mil douscentos máis ca no ano 1970 (Izquierdo, 1992, p. 65); o último *Anuario de Migraciones* dá a cifra de 57.220 españois no ano 2001.

### 3. A PRESENZA GALEGA EN MÉXICO

Como en todos os comportamentos nos que intervén a vontade dos individuos, na opción migratoria mestúranse elementos moi complexos que conectan os coñecidos factores do modelo expulsión-atracción (*pull-push*) con atavismos e vivencias culturais profundamente arraigadas na vida da comunidade. Cando, coma no caso galego, a emigración persiste no tempo, acaba converténdose nun trazo estrutural inseparable da sociedade na que se produce (Rodríguez Galdo, 1993, 1995). De aí a necesidade de volver os ollos á comunidade de orixe para intentar un sempre difícil achegamento aos vínculos que determinan, en orixe e en destino, a decisión de emigrar. E todo isto sen esquecer que a emigración, en tanto que fenómeno demográfico (aínda que como variable demográfica non o é de igual modo que nacer ou morrer) e como fenómeno económico e social, non só afecta á persoa individual senón que afecta ao conxunto da familia, ao mercado de traballo e a todo un conxunto de elementos da reprodución social. Tampouco podemos esquecer, así mesmo, que especialmente no marco das economías familiares, profundamente asentadas en Galicia e plenamente vixentes en moitos dos seus trazos fundamentais ata ben avanzada a década dos anos sesenta (pervivindo por máis tempo nas economías de montaña), a emigración implica unha serie de importantes repercusións sobre aqueles que permanecen na casa familiar (Rodríguez Galdo, Freire e Prada, 1999). A emigración revélase, así, como un proceso selectivo complexo que escolle aos seus protagonistas non só por factores de precariedade económica. Sábese que xeralmente non son os máis pobres os que emigran, debido á imposibilidade de financiar os custos da emigración. E aquí, á hora de falar de custos, habería que considerar non só os gastos da viaxe –desprazamento ata o punto de embarque<sup>8</sup>, gastos de comida e aloxamento na cidade portuaria, pagamento da pasaxe, etc.– senón tamén o tempo de busca de traballo no lugar de destino, que a familia tiña que afrontar dalgún modo: en termos pecuniarios ou mediante os chamados “recursos sociais” dos que podía botar man. Precisamente, os máis pobres carecían destes recursos sociais tan necesarios para emprender con certas garantías unha nova vida, sendo este un aspecto altamente discriminatorio á hora de emigrar. Enténdese neste caso por recursos sociais o acceso á información sobre as expectativas de traballo

---

<sup>8</sup> Mentres o transporte por vía marítima foi maioritario, os portos da Coruña, primeiro (que manterá a súa primacía en Galicia ata os anos vinte), e enseguida o de Vigo contemplaron o embarque de milleiros de emigrantes.

noutros lugares, o contacto con familiares e veciños na emigración que puideran acoller e aconsellar ao recentemente incorporado na busca de traballo e as peculiaridades do país de acollida.

Para aqueles galegos en México que viron, cando menos nunha certa medida, colmadas as súas expectativas, o acceso á información converteuse nun elemento fundamental. Unha información que dependía, en primeira instancia, dos propios vínculos sociais coa emigración a través de familiares e de veciños emigrados. Estes converteríanse, en efecto, na peza fundamental na formación das cadeas migratorias, xa directamente nas súas viaxes de retorno, xa mediante a correspondencia ou xa polas remesas enviadas. Non se pode pasar por alto, en canto ao seu papel de incitación da emigración americana, o ton de eloxio mostrado nos anos vinte por recoñecidos escritores, que desempeñan un liderado intelectual claro na formación dunha conciencia galeguista ou no atractivo de maior liberdade política e ata de maior modernidade que presentaron, despois, países como México fronte á España dos anos da ditadura franquista.

En definitiva, podemos dicir que o éxito da estratexia migratoria dos galegos de México descansa nunha parte moi importante na rede social á que pertence a familia, pois as chaves que lles permiten abrirse camiño en América resultan ser sempre os contactos con familiares ou con amigos que emigraron antes, sen restarlle importancia á mobilización das influencias familiares no medio local da aldea, da parroquia ou do concello. Unha emigración, ou mellor, unha decisión de emigrar que non corresponde en solitario ao individuo que a protagoniza, senón que atinxe ao conxunto do grupo familiar. Agora ben, a persoa do emigrante contribuía á estratexia migratoria os seus persoais e intransferibles recursos subxectivos, as súas calidades, características e capacidades, entre as que cabe incluír a educación, as destrezas e as habilidades que forman en conxunto o seu capital humano, agregándose a iso outro elemento fundamental: a persoal disposición ao risco. Son estes recursos subxectivos os que fan que cada traxectoria persoal sexa distinta e os resultados tamén.

### 3.1. UNHA XEOGRAFÍA DE PROCEDENCIA CONCENTRADA

Os galegos asentados en México proceden hoxe maioritariamente de áreas situadas no interior de Galicia. A lectura dos datos relativos aos emigrantes naquel país, rexistrados en concellos galegos no *Censo electoral de residentes ausentes (CERA)*, así o pon de manifesto. Pola súa natureza de censo electoral non se trata dun rexistro exhaustivo dos emigrantes galegos residentes, neste caso en México, senón unicamente daqueles que, residindo naquel país, se inscribiron nalgún consulado español para poder exercitar o seu dereito ao voto.

A pesar de que estes datos non reflicten, como xa indicamos, a totalidade da emigración galega en México, si constitúen un aceptable punto de partida á hora de

observar a acusada concentración na procedencia deste continxente migratorio. O peso da emigración “mexicana” é especialmente relevante na provincia de Ourense, onde supón case o 10% dos emigrantes inscritos no CERA. Algo máis do 63% dos “mexicanos” inscritos no CERA están en concellos da provincia de Ourense (cadro 2) –estando especialmente concentrados en determinados concellos e comarcas (De Juana, Fumega e Rodríguez Rodríguez, 2004)– e se os xuntamos aos da provincia de Pontevedra supoñen o 90% dos inscritos.

**Cadro 1.-** Emigrantes galegos en México rexistrados no CERA

CERA 2001	EMIGRANTES MÉXICO	TOTAL EMIGRANTES	MÉXICO/TOTAL	% PROVINCIAL
A Coruña	612	98.179	0,62	6,68
Lugo	292	32.650	0,89	3,19
Ourense	5.779	59.679	9,68	63,11
Pontevedra	2.474	77.900	3,18	27,02
Galicia	9.157	268.408	3,41	100,00

FONTE: Elaboración propia, CERA (2001).

**Cadro 2.-** Municipios con máis de 500 inscritos no CERA procedentes de México

MUNICIPIOS > 500		
Avión (OU)	1.838	20,07
Beariz (OU)	852	9,30
Ourense (OU)	728	7,95
Boborás (OU)	715	7,81
Vigo (PO)	634	6,92
Arbo (PO)	532	5,81
O Carballiño (OU)	515	5,62
Resto	3.343	36,51
Total	9.157	

FONTE: Elaboración propia, CERA (2001).

Dentro da provincia de Ourense a concentración xeográfica nalgúns municipios é moi elevada. Así, entre os municipios galegos con máis de 500 residentes en México inscritos, catro deles –Avión, Beariz, Boborás e O Carballiño–, que pertencen ás comarcas do Carballiño e do Ribeiro, supoñen o 42,8% de todos os galegos inscritos en México. Na provincia pontevedresa, os concellos de Forcarei, A Lama e Pontecaldelas tamén concentran a maioría dos rexistrados. En torno ao 50% dos galegos residentes en México proceden de cinco municipios situados en terras de montaña entre as provincias de Ourense e Pontevedra.

Tamén as tres principais cidades destas dúas provincias –Vigo, Ourense e Pontevedra– concentran hoxe un número significativo de residentes en México rexistrados: en torno ao 20%. Neste caso, visualízase un fenómeno que analizamos máis adiante: un “falso”, ou mellor, un “aparente” retorno que en moitos casos mantén a residencia formal en México e que, polo tanto, ten que inscribirse para votar, pero

que o fai naquel lugar onde se sitúan os seus intereses económicos, normalmente o medio urbano.

A esta xeografía de procedencia cabe sumarlle outros pequenos pero concentrados núcleos, practicamente definidos xa nos anos trinta do século XX, adquirindo os seus trazos definitivos coa segunda onda migratoria posterior á guerra civil española. Cómpre resaltar que, precisamente a partir dos anos corenta, a presenza galega irá alzándose progresivamente cunha maior representación dentro do colectivo español, afianzándose desde finais da década dos anos cincuenta como o primeiro grupo, pola súa importancia económica e numérica, no conxunto da colonia española daquel país.

A partir do ano 1946 prodúcese un rebrote no fluxo migratorio español ao suspenderse as restricións á libre saída do país co restablecemento da Lei de emigración do ano 1924. México aparece agora como un dos destinos preferidos polos habitantes das comarcas do Carballiño e do Ribeiro. É, precisamente, o período no que se afirma a emigración galega a México desde o occidente ourensán e desde os municipios da montaña do nordeste pontevedrés, sendo a súa nota máis característica “*la nueva emigración azteca do cuadrilátero Avión-Beariz-Boborás-Carballiño*” (Eiras, 1993, p. 196).

Nestas zonas de Ourense nas que a emigración a Venezuela e, en menor medida, ao Brasil competiu coa que se dirixía a México, este último país rematará afianzándose como a opción migratoria maioritaria, fenómeno que se observa con máis intensidade a partir do ano 1964. Nese momento, o forte descenso que experimenta a emigración a Venezuela compénsase coa espectacular alza que adquiren as saídas en dirección a México. Moitas veces trátase de procesos de reemigración: xente que despois de varios anos de estancia en Venezuela opta por trasladarse a México.

Se o protagonismo das terras da montaña da provincia de Ourense é patente, aínda o é máis se descendemos á escala do municipio de Avión, ao que lle seguen a unha certa distancia os de Boborás e Beariz. Os tres municipios citados alimentan en conxunto o 40,23% da inmigración galega en México nestes anos. Cómpre sinalar que esta emigración se produce nun contexto demográfico marcadamente regresivo (Fumega, 1995; Losada Álvarez, 2000). Lembremos de novo que o feito de constituír un movemento migratorio cunha xeografía de procedencia concentrada contribúe de maneira decisiva a unha forte redución nos custos de información á hora de elixir o destino migratorio.

Por outra parte, a través de simples indicadores socioeconómicos é posible advertir os cambios operados nas distintas áreas de influencia dunha e doutra emigración. Chama poderosamente a atención que municipios como o de Beariz, que tiña no ano 1991 un nivel de ocupación agraria superior ao 65%, poida manter o nivel de renda máis alto da comarca cunha superficie dedicada á agricultura de escasamente 200 hectáreas. Un comportamento similar pódese extrapolar a Avión ou a Boborás. Unha evidencia da entidade das divisas que a emigración americana, fun-

damentalmente “mexicana” como sabemos, reporta á economía da zona témola no progresivo asentamento de entidades bancarias nos municipios de Avión, de Beariz ou de Boborás. O primeiro tiña no ano 1995 sete entidades bancarias que, por posteriores procesos de fusión, se reduciron ás cinco actuais; o segundo contaba con outras sete, e Boborás con cinco. Se exceptuamos o caso do Carballiño, pola súa consideración de núcleo urbano cunha economía máis diversificada e cun gran peso dos servizos, nos restantes municipios o nivel de renda é notablemente máis baixo.

Nas terras de orixe, a influencia da emigración “mexicana” é perceptible noutras múltiples manifestacións, non sendo a menor o impacto urbanístico nas aldeas de orixe e mais no Carballiño, cabeceira dunha ampla comarca que estende a súa influencia máis alá dos seus estritos límites xeográficos. Traballos recentes de Fume-ga (1996) e de Rodríguez González (1998) analizaron a amplitude do fenómeno na dita vila, que ten continuidade na máis recente remodelación urbana do ano 2003. En paralelo, singulares e modernas construcións de lousa e granito, deseñadas nalgún caso por arquitectos mexicanos e as máis das veces por colexiados residentes na propia zona, compáctanse a maioría das veces nos núcleos rurais orixinarios superpoñéndose á vella arquitectura tradicional. Todo isto sen considerar agora a incidencia urbanística dos investimentos en promocións inmobiliarias de capital galego-mexicano en áreas urbanas de Vigo, de Ourense, de Pontevedra, da Coruña, etc.

Xeografía de procedencia, representación porcentual dentro da colonia española de residentes e impacto sobre as terras de orixe mostrarían un cadro moi diferente se nos retrotraemos aos primeiros anos do México independente. Un breve percorrido pola historia da emigración galega en México móstranos que os primeiros residentes –aqueles que viviron as convulsións ocasionadas pola longa e traumática descolonización da Nova España e que asistiron aos avatares que atrasaron ata o ano 1836 o recoñecemento do novo país pola antiga metrópole colonial– eran orixinarios sobre todo das zonas do litoral de Galicia. Unha pauta que continúa ata o *porfiriato*. Nos primeiros tempos da nova etapa que se abre co Goberno de Porfirio Díaz, son tamén homes da costa norte de Galicia os que se encamiñan cara a México. Proceden das áreas de Ferrol, da Coruña, de Ares, de Betanzos, de Viveiro e nalgúns casos –poucos porque a corrente migratoria aínda debuxa uns trazos moi tenues– sumaranse aos anteriores paisanos procedentes de vilas do interior das provincias de Lugo e da Coruña e tamén da de Pontevedra<sup>9</sup>.

Este trazo non diferenciaba a corrente mexicana das descritas polos galegos noutras latitudes americanas. México como destino, a pesar de atraer en moita menor proporción á corrente migratoria galega durante o século XIX, responde aos patróns de mobilidade laboral cara a América xa plenamente asentados en Galicia no último terzo do século, que privilexiaban aos habitantes das zonas costeiras das

---

<sup>9</sup> O rastro é posible seguilo tamén a través dos rexistros, bastante incompletos, que se realizan posteriormente e que están incluídos nos fondos do *Registro Nacional de Extranjeros* (RNE) (Villaverde, 2001, 2003).

provincias galegas. Elementos como as maiores facilidades de comunicación e de información sobre as expectativas que ofrecían os mercados do outro lado do Atlántico explícanos en boa medida. Incorporaban outra vantaxe engadida: contar xa cunha tradición migratoria asentada sobre sólidas redes de parentes ou de veciños, mentres que nas terras do interior a persistencia dunha emigración de curto raio nos desprazamentos, incluíndo a miúdo ao veciño Portugal, afastáboas polo momento do horizonte americano.

A escasa representación da corrente ourensán ao longo do século XIX non encerra ningunha sorpresa. Eiras (1993) xa mostrara como a provincia non se incorpora de maneira significativa á corrente migratoria con destino a América ata iniciada a década de 1890. Nos anos da segunda etapa do *porfiriato* (1898-1910) mantense a tónica anterior: continúa predominando a orixe litoral. O grupo proveniente de Ferrrol, e da súa contorna urbana, e o mesmo o da Coruña serían os primeiros e os segundos, respectivamente, en importancia seguidos do grupo de Lugo, considerado na súa dimensión provincial (Villaverde, 2003, p. 84). Afirmar tamén este último autor con respecto a Ourense que neses anos comezan a definirse “*las localidades, parroquias, municipios y comarcas que se convertirán en centro impulsor y retroalimentador de sucesivas cadenas migratorias que llegarán hasta la actualidad*”. Se nas fases anteriores se foron perfilando tendencias que terminaría alterando o mapa migratorio de partida con respecto a México, pódese afirmar que na década dos anos vinte ese proceso se atopa en vías de conclusión. Un mapa que se manterá ata o ano 1936 con apenas alteracións significativas, reforzándose no período posterior ao ano 1945 e continuando ata a actualidade<sup>10</sup>.

Queremos sinalar que estes pioneiros “montañeses”, aos que hoxe se lles pode considerar iniciadores dunha tradición migratoria e que nalgúns casos contan con máis dun século de existencia en México, posuían unha cultura migratoria cimentada en variadas experiencias persoais. Como diversos estudos e testemuños de familiares poñen de manifesto, moitos dos iniciais emigrantes ourensáns en México practicaran antes unha emigración de ciclo e raio máis curto como arrieiros, vendedores ambulantes, canteiros, afiadores, etc. Abundan tamén as referencias dos que se trasladan a México desde outro país americano. Con preferencia, inicialmente, desde Cuba debido ás circunstancias xeradas da súa independencia e da inseguridade tras as crises cíclicas do azucre, que aumentaban o desemprego estacional na illa de forma importante (Losada Álvarez, 1999), e desde países como a Arxentina, o Uruguai, o Brasil, Venezuela ou Panamá. Outros chegarán a México despois de traballar en países europeos –como Francia, Alemaña ou Suíza– receptores dun moi elevado número de galegos entre finais dos anos cincuenta e o ano 1973.

---

<sup>10</sup> Nesta última etapa cómpre sinalar que os orixinais de Beariz adiantarían aos de Boborás nas súas saídas cara a México, situación que dalgunha maneira garda relación coa crise das explotacións mineiras de estaño e de volframio de Beariz nestes anos de fin da Segunda Guerra Mundial (Rodríguez Galdo e Losada Álvarez, 2002).

### 3.2. PERFIL DOS EMIGRANTES GALEGOS EN MÉXICO. A SÚA INSERCIÓN NO MERCADO DE TRABALLO

Desde o *porfiriato*, coa súa favorable política de inmigración, ata o corte que representa o inicio da guerra civil en España, a colonia galega en México foi adquirindo unha visibilidade descoñecida en épocas anteriores. A maior cohesión do grupo, facilitada de maneira especial polo feito de contar cun órgano asociativo da entidade que fora adquirindo o *Centro Gallego*, viuse reforzada por compartir o núcleo forte da emigración galega en México unha xeografía de orixe cada vez máis definida en torno ao núcleo ourensán e pontevedrés. Cómpre resaltar que, á súa vez, a presenza galega en México merecía unha maior atención por parte da prensa galega<sup>11</sup>, o que sen dúbida contribuía a retroalimentar tamén as cadeas migratorias.

A súa mesma xeografía de orixe denota xa unha procedencia rural maioritaria; un perfil que claramente determina o nivel de cualificación da forza de traballo desprazada cara a México en busca de mellores perspectivas. Predominan os varóns solteiros<sup>12</sup>, e é de resaltar a acusada endogamia que rexistra o colectivo galego<sup>13</sup>. O estudo detido das fichas conservadas no *Registro Nacional de Extranjeros (RNE)* desde mediados da década dos anos vinte permitiu contar cunha aproximación de grande interese aos aspectos antes sinalados e detectar a forte mobilidade económica e social que caracteriza a este colectivo desde datas tan temperás. Pola mesma fonte coñecemos a súa preferencia por radicarse na cidade de México e en pequenos núcleos adxacentes, aínda en proceso de anexión á capital, como Tacuba, Tacubaya, Mixcoac, Atcapozalco ou Coyoacán.

Varias circunstancias explican que a inserción laboral dos galegos inmigrados en México na primeira etapa –entre os anos 1878 e 1936– teña lugar no sector servizos e, en menor escala, en actividades artesanais e industriais. A radicación urbana implicaba xa unha demanda de oficios determinados e, se a iso lle sumamos a baixa cualificación do primeiro colectivo emigrante, a curta idade en que se produce en moitos casos a súa inserción no mercado laboral e a súa maioritaria procedencia dunha Galicia rural, cun deficiente nivel de escolarización, podemos con-

<sup>11</sup> Publicacións como *Vida Gallega*, editada en Vigo, tiñan correspondentes en México e inserían interesantes noticias sobre a colonia galega establecida en distintos lugares da xeografía mexicana. Na Coruña, a *Revista de Casa América-Galicia* e a súa continuadora *Alfar* facíanse igualmente eco do desenvolvemento conseguido na relación con México.

<sup>12</sup> Villaverde (2003, p. 122) sinala que “*algunos ya iban casados pero la gran mayoría, que llegaron solteros, siguieron en el mismo estado civil tras más de dieciséis años de experiencia migratoria o bien se casaron con españolas, en general gallegas de su misma parroquia o comarca en alguno de los viajes que temporalmente realizaban a Galicia*”.

<sup>13</sup> E, aínda que se producen casos de reagrupamento familiar –hai un desprazamento da esposa e dos fillos pequenos desde Galicia–, non en todos os casos ese reagrupamento familiar en México cabe enténdelo no seu sentido xenuíno de “reunión” dos matrimonios separados pola emigración dun dos cónxuxes, sendo frecuente, segundo os testemuños orais dos netos destes últimos, que as súas avoas nunca saíran de Galicia. Pola contra, poderíase falar de “reunión familiar” en liña descendente xa que era frecuente que os pais chamaran aos fillos –moitas veces aínda adolescentes– para traballar con eles en México.

cluír que, nun primeiro momento, as posibilidades de traballo quedaban restrinxidas aos niveis máis baixos da escala laboral, non tendo en conta os empregos industriais, e ao sector da construción. Non é estraño por iso o seu comezo de empregados en tendas de “*abarrotés*”, carnizarías, cantinas, zapatarías, etc., ás veces propiedade de familiares ou de veciños que lles precederan e que incluso os chamaban para que lles axudasen no negocio, como sabemos por repetidos testemuños orais.

Ao final desta primeira etapa obsérvase unha progresiva especialización no comercio, de maneira singular entre aqueles asentados nos novos barrios da capital, como Santa María la Redonda e a Rivera de San Cosme. Neste ramo de actividade o protagonismo indiscutible correspóndelles aos chamados “*aboneros*”, convertidos no paradigma do galego traballador pola revista *Acción Española. Revista Hispano-Mexicana*, no seu número do verano de 1930. Os “*aboneros*” son, para esta publicación, a viva representación “*del humilde, laborioso y honrado gallego que trabaja, pero trabaja con toda una fábrica de manufacturas a cuestras, y que va casa por casa subiendo las escaleras, entrando en todas las vecindades, metiéndose por los más humildes lugares de la población, sufriendo las inclemencias continuadas del tiempo y los peligros que constantemente se le presentan para llevar la mercancía a los más humildes lugares de la población, no solamente de la capital sino de los pueblos y las rancherías*”.

A dita publicación estendíase sobre a modalidade de venda practicada: “*Vende su mercancía en abonos a gentes que no tienen crédito en ninguna parte, a quien nadie le fiaría un traje, ni un abrigo, ni nada y a quién él, arriesgando su dinero y su trabajo, viste y calza a multitud de familias para ir cobrando cuando buena mente le pueden pagar*”. O traballo dos “*aboneros*” pasa a identificarse co “traballo por antonomasia” desempeñado polos galegos. A extensión desta figura antes do ano 1936 non resulta estraña, se cremos o testemuño certo dos inmigrantes chegados nos anos cincuenta, pois neses anos a venda ambulante mediante o sistema de abonos seguía sendo a forma de inserción no mercado laboral mexicano máis utilizada polos galegos, incluso para os que naquel momento xa chegaban cun certo nivel de cualificación.

O funcionamento do sistema de abonos, que non se reducía tan só aos téxtiles senón que se estendía a zapatos, mobles, xoias, etc., nun momento e noutro foi practicamente o mesmo que describira García Acosta (1979, p. 140) para a cidade de Puebla coas seguintes palabras: “*La ayuda mutua dentro del grupo se da sobre todo cuando llega el inmigrante. Los gallegos en Puebla se iniciaron como aboneros, es decir, vendiendo ropa en cuotas de casa en casa. Para ello muchos antiguos residentes comerciantes en ropa, gallegos o no, los ayudaban fiándoles ropa o conectándolos con los proveedores ya conocidos por ellos, así los gallegos podían ir pagando su mercancía poco a poco, conforme les pagaban sus clientes. Más tarde estos gallegos se fueron estableciendo e instalando básicamente comercios de muebles, pues desde tiempo atrás y no sólo en Puebla sino también en el Distri-*

*to Federal han mantenido esta especialidad en el comercio, bien en venta de muebles, en manufactura de los mismos o en venta de material para fabricarlos”.*

A longa cita anterior é altamente ilustrativa e extensible ao funcionamento desta “ocupación” nos anos cincuenta e sesenta. A partir deses anos, outras actividades copan os afáns dos galegos que diversificarán progresivamente os seus negocios segundo a conxuntura da vida económica e política mexicana e a súa propia experiencia acumulada con anterioridade así o determinen. Publicacións societarias conteñen información de especial interese sobre o conxunto das actividades laborais dos galegos na etapa anterior ao ano 1936<sup>14</sup>.

En efecto, xunto á propaganda de consultas médicas privadas, repítense os de cantinas, panadarías, restaurantes (e “*cafe restaurant cabaret*”) e cabarets, destacando os de almacéns de roupa e téxtiles en xeral, as zapatarías, as moblerías e colchonerías, as fábricas de mosaicos e de materiais de construción, e os establecementos que se anuncian expresamente para fornecer “*baños, hoteles y abonos*”. Xa nos temos referido á representatividade que dentro da colonia de residentes galegos tiña o traballo dos “*abonos*” e, por outra parte, tamén coñecemos a importancia que adquirira xa a posesión de hoteis e de casas de baños que, xunto coas moblerías, empezaban a constituírse na actividade preferente dos galegos, unha vez que superaban con éxito a fase de “*abonos*”<sup>15</sup>. Xunto a esta xeneralidade dos que alcanzaran un certo nivel de éxito económico, cómpre considerar aos que se movían nun nivel superior na vida económica e social.

A partir do ano 1939 e ata o ano 1945 cambia radicalmente o perfil dos galegos entrados en México, correspondéndolles agora aos refuxiados políticos o protagonismo da Galicia peregrina<sup>16</sup>. Un protagonismo nas entradas a México, que manterán ata mediada a década dos anos corenta, en que a vella emigración retoma o seu papel tradicional, coñecendo a colonia de residentes a partir deses anos, e a pesar das dificultades que entrañaba a lexislación mexicana, o seu máximo período de expansión.

Con posterioridade ao ano 1950 increméntanse as entradas de galegos en México, correspondéndolle practicamente todo o protagonismo nesta etapa á vella emi-

<sup>14</sup> É o caso da edición no ano 1927 dun número especial dedicado á vida asociativa dos galegos en México. A estes efectos, non está de máis lembrar o carácter selectivo desta información na medida en que non todos os galegos de México estaban asociados na entidade que xa se constituíra como emblemática da comunidade. Con esta excepción sobre os excluídos da vida asociativa, que parece importante en número pero que resulta moi difícil de medir polos parámetros subxectivos normalmente utilizados, sinálase a capacidade ilustrativa da información recollida.

<sup>15</sup> Loxicamente, a superación da fase de “*abono*” implicaba ter acumulado o capital necesario para instalarse cun negocio propio, negocio que en moitas ocasións incorporaba o traballo doutros como *abonos* (xa foran traballadores mexicanos ou galegos), sendo bastante frecuente que a incorporación de parentes ou de veciños supoña un primeiro traballo de *abonos*.

<sup>16</sup> Seguindo o modelo de análise utilizado por Lida e García (2001) para o estudo dos españois en México entre os anos 1939 e 1950, podemos observar que tamén foron os meses de xuño e de xullo do ano 1939 os que presenciaron a entrada do maior número de refuxiados galegos. Un feito que non sorprende tendo en conta, ademais, o papel desempeñado polas Sociedades Galegas Confederadas no traslado no *Ipanema* –un dos barcos emblemáticos do exilio español– de galegos recluídos nos campos de concentración franceses.

gración económica. O impulso da vella emigración prolóngase ata a década dos anos oitenta, alimentada polas tradicionais redes migratorias que, adaptadas ás circunstancias de cada momento concreto, foron tecendo unha tupido rede de gran virtualidade e eficacia á hora de atraer e inserir no país ao novo inmigrante e, tamén, á hora de facilitar as relacións económicas, sociais e persoais intracomunitarias. As redes sociais que funcionan a un e ao outro lado do Atlántico retroaliméntanse continuamente polo carácter circular da emigración a México e polas peculiaridades que reviste o retorno, que na práctica totalidade dos casos coñecidos non supón unha ruptura persoal nin de negocios co país de adopción.

De maneira progresiva, os galegos irán desprazando a outros colectivos españois ata converterse hoxe no primeiro grupo da inmigración hispana en México. Como sabemos, a entrada de refuxiados retárdase a partir do ano 1942, aínda que se prolongue ata ben avanzada a década seguinte. A emigración por motivos políticos – neste caso a protagonizada polos exiliados da guerra civil española – orixinou ás veces, e nun momento posterior, a constitución de redes migratorias de características que, no fundamental, reproducen as anteriores, aínda que incorporan certos elementos de malestar político polo clima de represión das liberdades que se vivía en España.

O perfil socio-ocupacional presenta, como cabía esperar, unha notable contraposición entre as dúas etapas consideradas, apreciándose mellor esta contraposición se incluímos datos cualitativos que se nos limitamos ás estatísticas oficiais. No rexistro oficial cómpre resaltar a maior cualificación dos chegados a México nos anos inmediatamente posteriores á guerra civil, conservando aínda en todo o período un peso similar á forte inserción no sector servizos considerado de maneira global, como xa viña sendo tradicional na inmigración dos galegos en etapas anteriores, pero con marcadas diferenzas se descendemos a un maior nivel de desagregación.

Un aspecto que cómpre sinalar é que a proporción de mulleres que declaran como profesión “o fogar” non reflicte sensibles diferenzas nos dous momentos considerados. Fronte ao que viña sendo a nota dominante con anterioridade, nesta segunda etapa aumenta a proporción dos que declaran estar en posesión dunha formación técnica ou ser estudantes, o que tamén cabe interpretar coma un modo de adecuarse ao perfil de inmigrante demandado polas autoridades mexicanas, antes, se cadra, que como un cambio substantivo na composición da corrente migratoria. Con notable distancia fronte a outros lugares da República, o asentamento maioritario na capital mexicana seguiu sendo a nota característica.

Aprécianse marcadas diferenzas nos puntos de entrada a México e nos medios de transporte utilizados. Se nos anos inmediatamente posteriores á guerra civil española o transporte marítimo seguía sendo o maioritario – sendo importantes os embarques que se efectuaban en Vigo<sup>17</sup> –, iniciada a década dos anos cincuenta a

---

<sup>17</sup> Aínda subsistindo as trabas administrativas que impedían a entrada en portos mexicanos de barcos de bandeira española.

aviación comercial dispútalle claramente o protagonismo, a pesar de non existir neses anos voos directos con España (Tabanera, 2001, p. 54).

A emigración posterior á guerra civil española ofrécenos mellores exemplos de observación da inserción no mercado de traballo mexicano, cunha particularidade engadida que adquire unha relevancia especial: permítenos unha comparación entre a inserción laboral dos refuxiados políticos do ano 1939<sup>18</sup> e a dos residentes da chamada, cunha certa imprecisión, “emigración económica”. Aínda así, podemos sinalar que, aínda que ambas as dúas “migracións” manteñan moitos puntos en común e que sexan tamén notables no caso dos exiliados os exemplos de dedicación intensiva ao traballo, non sería esta a nota que mellor definiría a inclusión destes últimos como conxunto no mercado laboral mexicano.

O perfil do emigrante é agora menos homoxéneo. Xunto a individuos procedentes do medio rural –na súa inmensa maioría orixinarios das terras altas do río Avia e da ampla comarca do Carballiño–, empeza a ser máis frecuente a incorporación de técnicos medios e de empregados do sector servizos. O superior grao de formación técnica e profesional dos agora incorporados á corrente migratoria cara a México refórzase, ademais, polo efecto da elevada mobilidade que mostra a colonia galega, que incorpora un elevado número relativo de galegos reemigrados desde outros puntos do continente americano e procedentes, incluso, da emigración europea e que, coma sempre nestes casos, incorporan as destrezas desenvolvidas na súa anterior experiencia migratoria. Poucos se incorporan xa a México desde a Arxentina ou desde o Uruguai, decaendo os procedentes de Cuba e sendo os máis os que chegan desde o Brasil e desde Venezuela, e ultimamente tamén desde Panamá (en maior medida desde a fin da era de Omar Torrijos). Como outras veces no pasado, tamén agora a información subministrada por outros membros do grupo familiar inicial, que optaran por destinos diferentes en América, desenvolveu un papel determinante á hora de encamiñarse cara a México.

Nun intento de recapitular os aspectos máis relevantes que reviste a inserción dos galegos no mercado de traballo mexicano, deterémonos primeiro en estudar a mobilidade ocupacional e social que respondeu a unhas determinadas estratexias económicas sectoriais. Existe un consenso xeneralizado de que a capacidade de aforro do emigrante é vital para escalar novas posicións, como tamén o é a posesión dun capital simbólico de extraordinaria importancia: a responsabilidade no traballo. Diversos testemuños apuntan que a boa consideración na que se tiña aos galegos constituía “unha especie de cheque ao portador”, insistindo nesa mesma dirección o “valor que representaba ser serios” á hora de que lles deixasen artigos fiados para despois traballar como “*aboneros*”, sobre todo cando, como sucedía

---

<sup>18</sup> Os exiliados optaron máis polo traballo por conta allea ca por desenvolver iniciativas propias no campo empresarial, con excepcións claramente identificables. O libro autobiográfico de Elixio Rodríguez (*Matádeo mañá*, 1994) constitúe en si mesmo un bo exemplo disto último, do mesmo modo que cómpre resaltar tamén o éxito da traxectoria empresarial de antigos exiliados como José Rodríguez Cociña ou Domingo Rodríguez Moscoso. Tampouco faltan exemplos doutros republicanos que optaron por seguir o exemplo dos antigos residentes introducín-dose no mundo dos hoteis ou no das moblerías.

moitas veces, ese era case o único capital de que se dispoñía. No particular cálculo económico que todo emigrante realizaba, era vital a maximización do aforro, polo que a determinación do consumo se realizaba, dentro de certos límites, de modo residual na busca dun aforro permanente.

Así, o limitado dos utensilios domésticos, reducidos á mínima necesidade e determinados pola provisionalidade que se derivaba da forte idea de retorno, era a tónica dominante. E aínda que se buscaba a “continuidade de vivencias” estreitando a relación cos paisanos, procurábase –antes, claro, de que puideran chegar a ser socios do *Centro Gallego*– conformar un “espazo” de interacción social en torno a romarías e festas ao ar libre que non ocasionaran moitos gastos. Estes gastos limitábanse á comida e, sobre todo, cunha motivación de mobilidade ascendente moi forte, non se escatimaba na educación dos fillos, aos que se lles procuraba enviar aos mellores colexios.

Para os galegos que alcanzaban o éxito económico, o interese pola socialización dos fillos nun “espazo” que fixera compatible a pervivencia de sentimentos que os vincularan a Galicia e o mundo dos seus pais coa construción dunha nova identidade “galego-mexicana” levounos, por unha parte, a asociarse no *Centro Gallego* e, por outra, a buscar novos espazos de habitación máis acordes co seu recentemente adquirido estatus económico. Reproducíanse así, a unha escala evidentemente máis reducida, os fenómenos de segregación urbana (Negrete *et al.*, 1995; Schteingart, 2001) protagonizados polos grupos socioeconómicos de altos ingresos, que tiveran a súa primeira manifestación no abandono do centro da cidade (centro histórico e zona das colonias porfirianas) e a progresiva instalación nas zonas montañosas do oeste e do sur da capital federal.

Sabemos que non en todos os casos os galegos emigrados a México viron os seus esforzos coroados polo éxito económico. A porcentaxe dos que non alcanzaron as súas expectativas podería elevarse ata un 50%, segundo atentas observacións, pero non baseadas en datos estatísticos, de dirixentes da colectividade galega en México. Con todo, que unha metade se considere satisfeita constitúe un éxito relativo notable. Entre esta franxa repítense unha serie de elementos comúns postos en xogo na emigración nesta última etapa e tamén nas anteriores. O primeiro é a notable mobilidade ascendente. Pero pensemos que o emigrante, e o galego en particular, xa non só polo estereotipo de traballador que lle acompaña senón, sobre todo, polo peso que lle significa o sentimento e o deber dun rápido retorno á terra, mostra un comportamento singular e distinto ao dos demais traballadores tanto no que se refire á súa actitude ante o traballo como ao destino dos seus ingresos<sup>19</sup>. Por iso, non é estraño que a súa intensidade na incorporación ao traballo sexa moi alta, con xornadas prolongadas que apenas coñecen o descanso semanal, que incluso combinen dous ou máis traballos e que, unha vez asentado o varón, en moitos casos

---

<sup>19</sup> O que, por outra parte, explica dalgún modo a distinta inserción dos refuxiados da guerra civil e a dos emigrantes da vella colonia de residentes.

se incorporen a muller e os fillos á emigración xa que o traballo destes no ámbito do negocio familiar resulta fundamental para o seu éxito. A familia emigrada, consciente ou inconscientemente, coñece ben que a razón do seu desprazamento é o traballo. De aí as taxas de actividade tan elevadas que se apuntan nos testemuños orais<sup>20</sup>. E tamén iso mesmo explica un certo desprezo ou unha evidente desconsideración cando se xulga ao paisano que non rende no traballo na medida que se esperaba.

Unha emigración como a “mexicana”, cun ideal de retorno tan marcado, fuxiu dunha dedicación ás tarefas agrarias á hora de inserirse naquelas terras de promisión, a pesar das políticas de colonización intentadas polos distintos gobernos mexicanos no transcorrer dos séculos XIX e XX<sup>21</sup>. Sabemos que non callou o magno intento de establecer colonias agrícolas con galegos e canarios no Estado de Chiapas ao final do *porfiriato*. Son escasos, certamente, os galegos establecidos inicialmente no campo, a pesar de que os poucos que coñecemos dedicados a esta actividade conseguiron un éxito notable.

Distinta significación ten a implicación no desenvolvemento agrario dos republicanos galegos exiliados en México. Posiblemente, a máxima representación corresponda ao labor de Adolfo Vázquez Humasqué, un dos promotores do oliveiral mexicano. Máis tarde, a comezos dos anos oitenta, a familia de Rodríguez Cocña –destacado emprendedor viveirense e antigo exiliado republicano– introdúcese no negocio de produción e exportación de uva de mesa para o mercado estadounidense desde a súa extensa plantación situada no Estado de Baja California Norte<sup>22</sup>.

No mundo do mar, outro republicano galego –Bibiano Fernández Osorio-Tafall– deixou unha importante pegada no aproveitamento económico dos seus recursos, como amplamente se lle reconece. Non falta tampouco algún exemplo de galegos que alcanzaron éxito económico na conservación en frío do peixe e na súa posterior comercialización en Campeche (península de Yucatán) ou en Ensenada (na Baja California).

Á escala que lle permite a súa representación numérica, podemos dicir que os galegos tampouco se mantiveron alleos á promoción inmobiliaria que veu da man da forte expansión urbana na capital. Xa se integraran plenamente no país como mexicanos despois de varias xeracións, xa mantiveran os lazos coa súa comunidade de orixe, os galegos deixaron a súa pegada na construción de grandes espazos resi-

<sup>20</sup> Isto explica a configuración dunha poboación inmigrante cunha taxa de dependencia –ou proporción de inactivos por cada activo empregado– tan baixa. Os membros dependentes son en xeral os fillos de curta idade, pois a xeración dos avós (por causas demográficas máis representada polas avoas) incorpórase máis tarde cando, debido a un atraso na expectativa de retorno dos fillos ou polo asentamento da familia en México, precisan de cuidados na vellez.

<sup>21</sup> Xa Ramón Otero Pedrayo en *Vivencias, dolor y esperanza de la emigración gallega* (1955) interpretaba que a fonda identificación do galego coa terra nativa e o arraigado ideal de retorno o afastaban do traballo no campo.

<sup>22</sup> Outras familias de orixe galega a quen acompañou o éxito económico son hoxe propietarias de facendas por todo o territorio da República, pero sen que de aí poidamos deducir unha dedicación á agricultura ou a súa implicación como empresarios agrícolas ou gandeiros. Máis ben, nalgún caso, sabemos do seu uso turístico.

denciais, antes na cidade de México e despois en moitos puntos da xeografía mexicana<sup>23</sup>.

Nas construcións residenciais de promoción pública realizadas a través do “Fondo da Vivienda ISSSTE” a finais dos anos sesenta e a principios dos anos setenta participaron empresas de galegos: uns, exiliados –como José Rodríguez Coaña ou como Domingo Rodríguez Moscoso– e, outros, “residentes” –como a familia Carrete–. A nómina de promotores inmobiliarios pode ser moi ampla, comprendendo desde os máis modestos construtores de hoteis e de vivendas ata os promotores de importantes complexos hoteleiros. Se as casas de baños decaeron como negocio entre os galegos na década dos anos oitenta foi debido en gran parte, precisamente, ás políticas residenciais aplicadas polo Estado entre os anos 1960 e 1980, que permitiron dotar as novas vivendas dos servizos esenciais para a hixiene persoal.

Da man da expansión deste sector inmobiliario e doutros especialmente relacionados cos servizos amplíase a xeografía da presenza galega en México, cobrando tamén un novo calado. Especialmente a partir do ano 1982 cando un 20% dos galegos radicados anteriormente no Distrito Federal optaron pola diversificación espacial das súas actividades nun intento, xeralmente con éxito, de responder ao reto que presentaba a forte demanda de servizos en núcleos urbanos e en zonas turísticas noutros estados da República. Así, cobrou forza a presenza empresarial de galegos –principalmente no ramo dos hoteis e das gasoleneiras– en Guadalajara, Celaya, Tabasco e Monterrey, superando en número aos establecidos nos Estados de Veracruz e de Puebla, que contaban cunha maior tradición de presenza galega. Na zona de Hermosillo, no Estado de Sonora, está asentado un grupo importante (aproximadamente de 40 familias) con negocios de mobles, de discotecas, de hoteis e de moteis. En Tijuana (Estado de Baja California Norte) introducíronse máis recentemente os galegos no sector da hostalaría.

Debido aos cambios na orientación que hoxe experimentan os mercados e os usos de consumo, as moblerías tradicionais dos galegos foron perdendo importancia, cedendo na actualidade o seu terreo –case monopolizado na cidade de México ata hai dúas décadas– ás cadeas mexicanas como “Salinas y Rocha” ou “Elektra”, ou a outras controladas por inmigrantes coreanos. Os sectores de actividade nos que están introducidos os galegos de México son moi variados na actualidade, destacando nos últimos anos o gran peso na hostalaría (en todos os seus niveis), cunha posición nos hoteis de alto *standing* que lles permite incluso facerlles fronte ás grandes cadeas estadounidenses<sup>24</sup>.

<sup>23</sup> Coñecemos como se produce o arranque inmobiliario da familia Rivera-Torres aínda en vida do patriarca do clan –o galego Gaspar Rivera Corral– e como hoxe os seus descendentes controlan a empresa FRISA, que engade ao seu nome comercial o de “Constructora de ciudades” e que se anuncia como unha das empresas inmobiliarias máis produtivas do país, comprendendo a maioría dos sectores da industria da construción.

<sup>24</sup> A relación dos empresarios máis destacados no sector é moi longa, comprendendo desde os irmáns Álvarez Cortés, Olegario Vázquez Raña, Pedro Cortés Carballo, Lino Gómez Pereira, Antonio Garrido, etc.; pensemos, ademais, que moitos outros galegos teñen a súa presenza no sector moi diversificada, actuando a distintos niveis e como socios de sociedades, así mesmo, diversas.

Cómpre sinalar tamén o papel no sector da restauración, protagonizado, neste caso, moitas veces polos fillos de emigrantes donos de cantinas. Especial importancia reviste a presenza galega no mundo das panadarías, destacada –poderíamos dicir– de sempre a pequena e mediana escala, e hoxe cunha forza extraordinaria pola dimensión que adquiriu este ramo da man de Antonio Vázquez Méndez, un dos máis importantes empresarios galegos en México. A presenza na fabricación e comercialización de mobles é importante (cunha orientación diferente á anterior) e o mesmo na fabricación de colchóns. Tamén no mundo dos electrodomésticos, con fábrica importante en Monterrey (Nuevo León), nas zapatarías, no mundo da comercialización da moda, nas subministracións a hoteis de todo tipo, desde enxoval a produtos de limpeza, e moi especialmente nas gasolinerías.

Deixamos agora tan só apuntada a importancia dos cambios xeracionais operados entre os grupos económicos dos galegos en México, que se advirten comparando os grupos ou persoas de maior peso económico nos anos sesenta ou setenta cos que ocupan esa posición na década dos anos oitenta e despois na década dos anos noventa, pois, como vén sendo habitual nas empresas familiares, estas moitas veces non conseguen na segunda ou na terceira xeración manter o nivel da primeira, non xa á hora de aumentar o negocio senón á hora de mantelo<sup>25</sup>.

O impulso da vella emigración prolóngase ata a década dos anos oitenta alimentada polas tradicionais redes migratorias que, adaptadas ás circunstancias de cada momento concreto, foron tecendo un tupido urdido cunha gran virtualidade e eficacia á hora de atraer e de introducir no país ao novo inmigrante, e tamén á hora de facilitar as relacións económicas, sociais e persoais intracomunitarias. As redes sociais que funcionan a un e a outro lado do Atlántico retroaliméntanse continuamente polo carácter circular da emigración a México e polas peculiaridades que reviste o retorno, que na práctica totalidade dos casos coñecidos non supón unha ruptura persoal nin de negocios co país de adopción.

Os cambios ocupacionais que percorremos constitúen, sen dúbida, un indicador de mobilidade ascendente. Unha mobilidade que se revela especialmente notoria se consideramos o seu nivel económico en Galicia no momento da partida; sen esquecer a importancia das propias nocións de “percepción” e de “expectativa” que se manexan á hora de medir a mobilidade e o grao de satisfacción do emigrante e da súa rede social. A percepción da súa posición na escala económica e social por parte do propio individuo protagonista e da súa rede establecida a un lado e a outro do Atlántico é fundamental, como por extensión tamén o é como a percibe todo o gru-

---

<sup>25</sup> Nos anos sesenta e setenta os nomes de Severino e de Aurelio Pérez –os fundadores de ADO–, de Ernesto Vázquez, de Antonio Testas, de José Garabana, da familia Carrete, de Antonio Vázquez Méndez, da familia de Ramón Alonso e de Gumersindo Camba e dos seus irmáns repítense con máis frecuencia. Nos anos oitenta retroceden uns e aparecen outros, citándose á familia Garrido, á familia Vázquez Raña, a José Antonio e a Manuel Crespo, a Pedro Álvarez Cortés, a Antonio Vázquez Méndez, á familia Domínguez... Nos anos noventa a relación incluíría os nomes dos cinco irmáns Garrido, de Antonio Vázquez Méndez e fillos, dos irmáns Vázquez Raña (en especial Mario e Olegario), de Ramón Fernández, do Grupo Escaleira-Fernández Pena-Valiñas, etc.

po étnico considerado no seu conxunto, o que terá unha especial significación á hora de integrarse nos movementos asociativos de carácter étnico (*Centro Gallego, Sociedad Española de Beneficencia, Casino Español*).

#### 4. GALICIA-MÉXICO. REDES MIGRATORIAS “CONVERTIDAS” EN REDES COMERCIAIS

En Galicia, a experiencia de trasladarse a vivir e a traballar a Latinoamérica<sup>26</sup> transformou a vida económica e social de persoas, de familias e de localidades durante décadas e conformou estreitos vínculos entre as poboacións e as actividades económicas a un lado e ao outro do Atlántico. A acumulación desta experiencia migratoria e o fortalecemento dos mesmos vínculos permitíronlles aos fluxos migratorios Galicia-Latinoamérica persistir durante prolongados períodos de tempo. Unha persistencia, cualificada de *dependencia* polos economistas ou como *causación acumulativa* o *auto-sostemento* polos sociólogos (Massey *et al.*, 1998), que se sustenta en dous piares fundamentais: a acumulación de capital humano nos migrantes e de capital social nas redes de migración (Massey e Espinosa, 1997; Massey *et al.*, 1998).

Como o caso concreto da emigración galega a México pon en evidencia dentro da análise de redes, o ámbito das redes comerciais ou económicas é o que mellor reflicte as relacións establecidas entre os lugares de partida e os de inserción. O comercio, con notable protagonismo dos “*aboneros*” durante longo tempo, constitúe así un sector privilexiado para analizar a articulación das relacións económicas, sobre todo cando as redes comerciais reflicten e reforzan outras creadas xa con anterioridade para preparar e realizar a propia viaxe. Lembremos tamén que a presenza galega en México revela, unha vez máis, que o feito migratorio non é patrimonio exclusivo dun só grupo social. É notoria, especialmente a partir dos anos cincuenta, a maior incorporación, xunto á poboación de orixe rural sen unha cualificación profesional definida, de técnicos medios, de obreiros especializados ou incluso de xente con negocios en propiedade nas vilas cabezas de comarca ou de capitalidade municipal, para quen o traslado a México significou posiblemente enfrontar de modo máis consciente, en termos económicos, a función da súa estratexia migratoria.

Dispoñer dunha mellor información obriga, desde logo, a unha avaliación máis detida das expectativas de beneficio (en relación cos custos da emigración) que a decisión de emigrar pode representar para o emigrante e para os membros da súa familia. Pero, aínda sen prescindir da análise dos custos de oportunidade que de

---

<sup>26</sup> Aínda considerando os cambios nos destinos migratorios que se suceden ao longo dun período tan amplo como o comprendido pola emigración galega a América e a pervivencia desta xunto a outros destinos maioritarios, no interior da propia España primeiro e cara a Europa desde finais da década dos anos cincuenta.

forma máis ou menos rudimentaria ou formalizada sempre estivo presente, non rexistramos un só testemuño da última etapa da emigración mexicana que non subliñara como determinantes os aspectos subxectivos asociados á decisión de emigrar. As redes establecidas constituíron a estrutura social máis importante para buscar a coincidencia da demanda de man de obra en México e a oferta de man de obra en Galicia. O acceso a elas foi un factor determinante para a materialización eficaz da decisión de emigrar por motivos laborais. Todos os casos analizados nun traballo anterior corroboran que a pronta consecución dun emprego foi maior entre as familias que xa contaban con relacións de parentesco, de amizade e económicas no país.

Sinalamos, ademais, que as estratexias dos galegos en México non se viron afectadas en ningún momento polas restricións que un forte vínculo coa comunidade de orixe pode provocar. Se algúns autores atoparon que unha única dependencia de vínculos “fortes” pode provocar redes migratorias pechadas que conducen a un baixo nivel ocupacional dos inmigrados na sociedade de chegada, xa que unha dependencia moi estreita dunha rede afianzada en empregos marxinais aumenta a concentración dos novos inmigrantes neses postos laborais e dificulta o ascenso laboral (Caces, 1987), este non será en absoluto o caso dos galegos en México. Máis ben, unha vez superada a fase do propio proceso emigratorio, prodúcese no lugar de destino cambios relevantes na configuración das redes cando estas se centran na actividade económica. Consolídanse as relacións entre iguais, ou horizontais, que se efectúan no interior das redes de intercambio recíproco de bens e servizos xa establecidos, constituíndose “redes” ou estruturas colectivas non sempre baseadas en relacións persoais intensas senón en intereses económicos comúns que conducen, en case todos os casos, á cooperación económica en diversos sectores de actividade.

No noso caso tampouco se dá unha situación “bipolar” entre dúas comunidades esencialmente autónomas. En realidade, unha boa parte destes inmigrantes orientan a súa vida en dous ámbitos xeograficamente distantes que deron orixe a un espazo transnacional fortemente conectado por redes sociais, e sobre todo económicas, moi estreitas, constituíndo o que Rouse (1992) denominou “comunidade transnacional”. Esta desenvolve múltiples relacións –familiares, económicas, sociais, organizativas, relixiosas e políticas– máis alá das distancias xeográficas e das fronteiras nacionais. E no transcurso do tempo acabará por crear unha “cultura migratoria” (Durand, 1994), é dicir, un sistema integrado de “*normas, valores y sanciones que regulan la actividad migratoria*”, e que lles permite aos novos migrantes (cunha procedencia moi concentrada na orixe, como vimos) integrarse con facilidade no fluxo económico entre os dous países e manexarse nos circuitos transnacionais (Portes, 2001).

A modo de apuntamento final sinalaremos que a emigración en cadea, caracterizada pola primacía das relacións interpersoais na transmisión da información e po-

los recursos que pon a disposición do emigrante para integrarse no país receptor, actúa con diversas modalidades na emigración galega a México. A forma máis habitual da cadea migratoria é a través da emigración sucesiva dos diferentes membros da familia, iniciada xeralmente polo pai e/ou polo fillo máis vello e que compromete aos varóns do grupo. A muller casada emigra en moita menor proporción nunha primeira instancia, permanecendo na casa coas fillas solteiras (que terminarán casando, á súa vez, en moitas ocasións con “galego-mexicanos” ou cos fillos máis novos) e incorporándose, e non sempre en épocas anteriores, nun momento posterior á emigración do seu marido. Algunhas mulleres marchan incluso cando xa son avoas e precisan dos fillos non retornados para que as coïden. E son raras as mulleres solteiras que emigran soas, sen acompañamento familiar, en clara contraposición ao caso arxentino (Rodríguez Galdo, 2002; Rodríguez Galdo e Cordero, 2003), onde é máis frecuente, aínda na actualidade, o caso do emigrante que volve á súa contorna de orixe para casar e regresar de novo, ou incluso de “casar por poderes” con mulleres máis novas da mesma parroquia.

A migración laboral entre Galicia e México pódese concibir así como un proceso de construción gradual dunha rede que, como vimos, comeza xa a finais do século XIX e que se mantén ata a máis inmediata actualidade. A contemplación da articulación das redes, ao nivel das relacións sociais e económicas, permite superar a dicotomía entre as sociedades de orixe e as sociedades de chegada, e considerar unha rede de lugares interrelacionados entre si polos vínculos que xera a circulación de persoas, de bens, de capital, de servizos e, moi especialmente, a información entre diferentes lugares de destino entre si e co de orixe. Como se pon en evidencia unha vez máis no noso caso, para alcanzar estes obxectivos son elementos de vital importancia na dinámica e na consolidación das redes a calidade, a cantidade e os modos en que circula a información. Os casos concretos analizados noutro lugar permiten comprobar que a información non é a mesma para todos os veciños ou conterráneos do pobo nin que necesariamente se transmite de veciño a veciño, porque as canles mediante as que circula son as relacións, que prescindén da distancia e, xa que logo, da frecuencia dos contactos como xa observara Ramella (1995) para o caso italo-arxentino.

Destaca a importancia que adquiren os retornos, sen que iso signifique unha ruptura cos lazos económicos e menos familiares, moi dificilmente dissociables xeralmente, que permanecen en México. Se cadra, nunca antes de maneira tan nítida cabería falar de galegos e de mexicanos de “ambas as dúas beiras”. Nos últimos anos, ademais, a forte endogamia da colonia galega –visible incluso na constante repetición de apelidos– empezou a resentirse, resultando máis frecuentes xa os matrimonios entre descendentes de xentes das distintas comunidades autónomas españolas e tamén cada vez máis os casos en que un dos cónxuxes é mexicano.

O feito de que a maioría dos negocios se realicen en sociedade –constituída maioritariamente por familiares e socios externos a ela– facilita a adopción de dis-

tintas modalidades de retornos. Así, é frecuente que os regresos a España se realicen de forma rotatoria entre os socios para que a outra parte poida continuar co control directo dos negocios en México durante un tempo establecido e, cando menos, mentres non se poidan incorporar os fillos.

## BIBLIOGRAFÍA

- BERNINGER, D.G. (1974): *La inmigración en México. 1821-1857*. México: Secretaría de Educación Pública.
- BOYD, M. (1989): "Family and Personal Networks in International Migration: Recent Developments and New Agendas", *International Migration Review*, vol. XXIII, núm. 3, pp. 638-670.
- DURAND, J. (1994): "Patrones culturales y migración", en J. Durand: *Mas allá de la línea. Patrones migratorios entre México y Estados Unidos*, pp. 291-327. México: Consejo Nacional para la Cultura y las Artes.
- CACES, F. (1987): *Immigrant Recruitment into the Labor Force: Social Networks among Filipinos in Hawaii*. (East-West Center Reprints, Population Series, núm. 209).
- CÁRDENAS, E. (1996): *La política económica en México, 1950-1994*. México: El Colegio de México/FCE.
- CARREÑO, A.M. (1942): *Los españoles en el México independiente. Un siglo de beneficencia*. México: Imp. Manuel León Sánchez.
- EIRAS ROEL, A. [ed.] (1993): *Aportaciones al estudio de la emigración gallega. Un enfoque comarcal*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- FUMEGA PIÑEIRO, F.X. (1996): *Dinámica espacial en la tierra de O Carballiño*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- FUMEGA PIÑEIRO, F.X.; RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, J.M. (1999): "La evolución de la población y el impacto de los movimientos migratorios en una cabecera comarcal de Galicia", en M.X. Rodríguez Galdo [coord.]: *Crecimiento natural, cambio demográfico y migraciones, V Congreso ADEH*, pp. 77-100. Logroño.
- GARCÍA COSTA, V. (1979): "La integración económica de los españoles en la ciudad de Puebla y los asturianos en el Distrito Federal", en M. Kenny [coord.]: *Inmigrantes y refugiados españoles en México. Siglo XX*, pp. 132-150. México: INAH, Centro de Investigaciones Superiores/Ediciones de la Casa Chata.
- GAYÓN CÓRDOVA, M. (2002): "Extranjeros en la ciudad de México en 1848", en D. Salazar Anaya [coord.]: *Imágenes de los inmigrantes en la ciudad de México, 1753-1910*, pp. 137-176. México: INAH.
- GRANOVETTER, M.; SWEDBERG, R. [ed.] (2001): *The Sociology of Economic Life*. Boulder: Westview Press.
- GURAK, D.; CACES, F. (1992): "Migration Networks and the Shaping of Migration Systems", en M.L. Kritz, L.L. Lin e H. Zlotik [ed.]: *International Migration Systems: A Global Approach*. Oxford: Clarendon Press.
- GURAK, D.; CACES, F. (1998): "Redes migratorias y la formación de sistemas de migración", en G. Malgesini: *Cruzando fronteras. Migraciones en el sistema mundial*, pp. 75-110. Barcelona: Icaria.

- IZQUIERDO ESCRIBANO, A. (1992): *Españoles en América Latina: perfil sociodemográfico de los españoles de origen según los últimos censos (1970-1980) en la República Dominicana, México, Brasil, Chile, Costa Rica y Guatemala*. Madrid: Ministerio de Trabajo y Seguridad Social.
- JUANA, J. DE; FUMEGA PIÑEIRO, F.X.; RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, J.M. (2004): *Poboación e emigración na comarca do Carballiño, 1860-2000*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- KENNY, M. *et al.* (1979): *Inmigrantes y refugiados españoles en México (siglo XX)*. México: Ediciones de La Casa Chata.
- LIDA, C.E. [comp.] (1994): *Una Inmigración privilegiada: comerciantes, empresarios y profesionales españoles en México en los siglos XIX y XX*. Madrid: Alianza.
- LIDA, C.E. (1997): *Inmigración y exilio: reflexiones sobre el caso español*. México: Siglo XXI.
- LIDA, C.E. [comp.] (2001): *México y España en el primer franquismo, 1939-1950: rupturas formales, relaciones oficiosas*. México: El Colegio de México.
- LOMNITZ, L.A. (1994): *Redes sociales, cultura y poder: ensayos de antropología latinoamericana*. México: Facultad Latinoamericana de Ciencias Sociales.
- LOSADA ÁLVAREZ, A. (1995): *As relacións económicas entre Galicia e os países de destino da emigración*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- LOSADA ÁLVAREZ, A. (1999): *Cuba, población y economía entre la independencia y la revolución*. Vigo: Universidad de Vigo.
- LOSADA ÁLVAREZ, A. (2000): "Les effets des mouvements migratoires sur les structures par ages. La Galicie au XXe siècle", *Cahiers des Annales de Demographie Historique*, núm. 2, pp. 55-69.
- LOSADA ÁLVAREZ, A.; RODRIGUEZ GALDO, M.X. (2004): "La inmigración de retorno en Galicia, su consideración en el debate de la crisis demográfica de la Comunidad", *VII Congreso de la Asociación de Demografía Histórica*. Granada.
- MASSEY, D. (1990): "Social Structure, Households Strategies an the Cumulative Causation of Migration", *Population Index*, 56, pp. 3-26.
- MASSEY, D. *et al.* (1993): "Theories of International Migration: A Review and Appraisal", *Population and Development Review*, vol. 19, núm. 3, pp. 431-466.
- MASSEY, D.; ESPINOSA, K. (1997): "What's Driving México- U.S. Migration?", *American Journal of Sociology*, vol 102, núm. 4, pp. 939-999.
- MASSEY, D.; ARANGO, J.; HUGO, G.; KOUAOUICI, A.; PELLEGRINO, A.; TAYLOR, J.E. (1998): "Una evaluación de la teoría de la migración internacional: el caso de América del Norte", en G. Malgesini [comp.]: *Cruzando fronteras. Migraciones en el sistema mundial*, PP. 189-264. Barcelona: Icaria.
- MORALES, M.D. (2002): "La población extranjera de la ciudad de México en 1882", en D. Salazar Anaya [coord.]: *Imágenes de los inmigrantes en la ciudad de México, 1753-1910*, pp. 177-254. México: INAH.
- NEGRETE, M.E.; GRAIZBORD, B.; RUIZ, C. (1995): *Población, espacio y medio ambiente en la zona metropolitana de la ciudad de México*. México: El Colegio de México.
- PÉREZ HERRERO, P. (1981): "Algunas hipótesis de trabajo sobre la inmigración española a México: los comerciantes", en C.E. Lida [ed.]: *Tres aspectos de la presencia española en México durante el Porfiriato*. México: El Colegio de México.

- PÉREZ TOLEDO, S. (1999): "Los españoles de la ciudad de México durante el segundo imperio" en C.E. Lida [comp.]: *España y el imperio de Maximiliano*, pp. 261-294. México: El Colegio de México.
- PI-SUÑER LLORENS, A. (1999): "El eterno problema: deuda y reclamaciones (1861-1868)", en C.E. Lida [comp.]: *España y el imperio de Maximiliano*, pp. 37-104. México: El Colegio de México.
- PLA BRUGAT, D. (1992): "Españoles en México, 1895-1980: un recuento", *Secuencia. Revista de Historia y Ciencias Sociales*, vol. 24, pp. 107-120.
- PORTES, A. (1995): "Economic Sociology and the Sociology of Immigration: A Conceptual Overview" en A. Portes [ed.]: *The Economic Sociology of Immigration*. New York: Russell Sage Foundation
- PORTES, A. (2001): "Debates y significación del transnacionalismo de los inmigrantes", *Estudios Migratorios Latinoamericanos*, núm. 49, pp. 469-484.
- POWELL, W. (1991). "Expanding the Scope of Institutional Analysis" en W. Powell y P.J. Dimaggio [ed.]: *The New Institutionalism in Organization Analysis*. Chicago: University of Chicago Press.
- RAMELLA, F. (1995): "Por un uso fuerte del concepto de red en los estudios migratorios", en M. Bjerg e H. Otero [comp.]: *Inmigración y redes sociales en la Argentina moderna*. Buenos Aires: CEMLA-IEHS.
- RODRÍGUEZ, E. (1994): *Matadeo mañá*. Vigo: Edicións Xerais.
- RODRÍGUEZ GALDO, M.X. (1993): *Galicia país de emigración. La emigración gallega a América hasta 1930*. Colombres: Archivo de Indianos.
- RODRÍGUEZ GALDO, M.X. (1995): *O fluxo migratorio dos séculos XVIII-XX*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- RODRÍGUEZ GALDO, M.X. (2002): "Cruzando al Atlántico ¿Solas o en familia? Migrantes españolas en las Listas de pasajeros argentinas (1882-1926)", *Historia Social*, núm. 42, pp. 59-79.
- RODRÍGUEZ GALDO, M.X. (2004): *Galegos en México, pasado e presente*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- RODRÍGUEZ GALDO, M.X.; FREIRE ESPARÍS, M.P.; PRADA, A. (1999): "Mujeres que emigran mujeres que permanecen. Contribución a un estudio de la relación entre las mujeres, economía campesina y emigración en Galicia 1880-1930", *Arenal*, vol. 6, pp. 265-294.
- RODRÍGUEZ GALDO, M.X.; LOSADA ÁLVAREZ, A. (2002): *El poblado minero de Fontao. El volframio en la historia empresarial y urbanística de Galicia*. Santiago de Compostela: IGVS.
- RODRÍGUEZ GALDO, M.X.; CORDERO, X. (2003): *Contribución española a la formación del mercado de trabajo en Argentina (1882-1926)*. Santiago de Compostela: CEPAM.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, R. (1998): "A emigración de retorno nas pequenas vilas galegas", *Estudios Migratorios*, núm. 5, pp. 29-52.
- ROUSE, R. (1992): "Making Sense of Settlement: Class Transformation, Cultural Struggle, and Transnationalism among Mexican Migrants in the United States", *Annals New York Academy of Sciences*, vol. 654. New York.
- SABEL, CH. (1993): "Constitutional Ordering in Historical Context" en F.W. Scharpf [ed.]: *Games in Hierarchies and Networks*, pp. 65-123. Boulder: Westview Press.
- SÁNCHEZ ANDRÉS, A. (1999): "La diplomacia hispano-mexicana: de la intervención tripartita a la caída del imperio", en C.E. Lida [comp.]: *España y el imperio de Maximiliano*. México: El Colegio de México.

- SCHTEINGART, M. (2001): *Los productores del espacio habitable. Estado, empresa y sociedad en la ciudad de México*. México: El Colegio de México.
- SERRANO, J.O. (2003): “Acerca de las remesas de dinero que envían los migrantes: procesos de intercambio social en contextos migratorios internacionales”, *Estudios Migratorios Latinoamericanos*, núm. 51, pp. 307-332.
- TABANERA GARCÍA, N. (2001): “Los amigos tenían razón. México en la política exterior del primer franquismo”, en C. LIDA [comp.]: *México y España en el primer franquismo, 1939-1950*, pp. 19-60. México: El Colegio de México.
- VILLAVERDE, E. (2001): *Pioneiros na corrente do Golfo. A primeira emigración galega a México*. Vigo: Edicións Xerais.
- VILLAVERDE, E. (2003): *Galegos en México (1878-1936)*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- VV.AA. (2001): *Censo Electoral de Residentes Ausentes (CERA)*. Vigo: España Exterior Publicaciones.